

## Obxetivos

- Cuestionar os fundamentos que sosteñen o sistema económico e social actual, tendo en consideración as consecuencias negativas que provocan nas persoas e nos ecosistemas.
- Coñecer os fundamentos da teoría ecofeminista.
- Crear espazos de reflexión e favorecer a organización de alternativas á crise sistémica actual.
- Poñer en contacto a persoas do contexto universitario con intereses e inquedanzas comúns.
- Dar a coñecer a Oficina de Medio Ambiente (OMA) e as súas áreas de acción.
- Traballar de maneira implícita e explícita os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

## Formato

Campamento con pernocta dirixido a estudantes de grao e mestrado. De interese para toda a comunidade universitaria e a poboación en xeral.

→ Recoñecemento de créditos de libre configuración para estudantes de Grao (2 créditos ECTS).

## Que inclúe?

O prezo inclúe o aloxamento, a cea, o almuerzo e un xantar preparado con cociña solar. O transporte ata o lugar de realización do curso e o xantar de pícnico do primeiro día corren a conta da persoa participante.

## Localización

Albergue Ecoturismo Alvarella,  
Vilarmador (A Coruña).

## Prezo

- Xeral: 50€
- Reducida: 30€



# Construíndo realidades alternativas desde a perspectiva ecosocial e o feminismo

Campamento con pernocta  
Curso de verán: 4 e 5 de Xullo 2022



## Inscripción



[https://udc.es/gl/occ/  
actividades/cursos-de-veran-00001/](https://udc.es/gl/occ/actividades/cursos-de-veran-00001/)

## Contacto

oma3@udc.gal  
981 167 000 Ext. 5626

## Organización



Oficina de Medio Ambiente  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Impreso en papel reciclado e libre de cloro

# CONSTRUÍNDO REALIDADES ALTERNATIVAS DESDE A PERSPECTIVA ECOSOCIAL E O FEMINISMO

Campamento con pernocta  
Curso de verán: 4 e 5 de Xullo 2022

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



# Contextualización

A crise do sistema económico e social actual fai necesaria a análise crítica na busca de solucións alternativas para soste a vida no planeta. Este curso pretende construír novos imaxinarios que nos permitan pensar na sociedade humana organizada de maneiras alternativas, en modos de vida que fomenten a autosuficiencia e a sustentabilidade, e nas cales o obxectivo principal sexa a protección e o coidado da vida en todas as súas formas.

## Programa

### • 4 de xullo

#### Módulo 1. Emerxencia climática e xustiza social (2,5h). OMA-UDC

Introdución ás principais problemáticas ambientais e sociais da actualidade, con énfase na crise climática e enerxética, a perda de biodiversidade e as desigualdades Norte-Sur e entre homes e mulleres.

Práctica de ciencia cidadá con EMAPIC para o cálculo da nosa pegada ecolóxica.

#### Módulo 2. O sistema económico en crise (4h).

Análise do sistema económico actual, directamente relacionado coas principais crises da actualidade, co obxectivo de promover o pensamento crítico e o debate grupal, da man de Rosa M<sup>a</sup> Regueiro e Pablo Alonso e Elvira Santiago. Inclúese tamén a perspectiva sociolóxica e a relación co medio ambiente no contexto mundial globalizado.

#### Roteiro pola contorna (3h).

Exercicio de conexión coa natureza, apreciación da biodiversidade e evasión das dinámicas de inmediatez e produtivismo do día a día. Aproveítase este espazo para xantar nun merendeiro próximo ao albergue de gran beleza e valor ecolóxico.

### • 5 de xullo

#### Módulo 3. A interseccionalidade das loitas: perspetiva ecosocial e ecofeminismo (4h).

Segundo a teoría ecofeminista, a subordinación das mulleres está estreitamente ligada á explotación da natureza, de maneira que é preciso ter unha mirada crítica sobre ambos temas para poder desenvolver estruturas sociais en base aos principios que sosteñen a vida.

Yayo Herrero fará unha análise da concepción humana actual, na cal o ser humano exitoso é aquel que semella non depender de nada nin de ninguén, esquecendo a súa dependencia da natureza, e das relacións humanas e coidados (levados a cabo de maneira estrutural por mulleres).

Así mesmo, Vanessa Míguez profundizará na reflexión sobre os fundamentos culturais patriarcais e ecodicas da nosa sociedade.

#### Módulo 4. A educación como ferramenta de cambio (2h).

A educación é clave no cambio que é preciso facer. Araceli Serantes fará fincapé na relevancia da educación ambiental e o seu valor como parte do cambio, a prol da sensibilización, do pensamento crítico e da súa capacidade para crear modelos alternativos, máis éticos e sustentábeis, para a xestión e organización social.

#### Experiencia práctica: cociña solar (3h).

Saír das lóxicas do sistema actual require poder empregar as oportunidades que a natureza nos ofrece de maneira respectuosa e sen provocar o esgotamento dos recursos. Un bo exemplo é a cociña solar, a cal se empregará como ferramenta práctica e á cal nos introducirá Juan Bello.

#### Actividades complementarias ambos días (5h).

# Relatoras convidadas

#### Rosa M<sup>a</sup> Regueiro

Doutora no departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela e membro do grupo de investigación de Economía Ecolóxica e dos Recursos Naturais (USC).



#### Pablo Alonso

Cursando o doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela e membro do grupo de investigación de Economía Ecolóxica e dos Recursos Naturais (USC).



#### Elvira Santiago

Membro do grupo de Análise e perspectiva sociopolítica e profesora da UDC. Imparte materias como 'Globalización, medio ambiente e poboación' e 'Risco, cultura e medio ambiente'.



#### Yayo Herrero

Antropóloga, enxeñeira agrícola, educadora social, profesora e investigadora. Ex-coordinadora de Ecologistas en Acción e actual directora xeral da FUHEM. Referente internacional en ecofeminismo.



#### Vanessa Míguez

Licenciada en Socioloxía, máster en migracións internacionais e con experiencia en desenvolvemento local, xénero e cooperación.



#### Araceli Serantes

Dra. en Filosofía e Ciencias da Educación, investigadora da UDC en educación e xustiza ambiental e profesora de Educación Ambiental e Cultura da Sustentabilidade.



#### Juan Bello

Arquitecto técnico, mestrado en Xestión Medio Ambiental, profesor no CIFP Somoza e experto en cociña solar e bioconstrución.



#### Membros OMA-UDC

Manuel Soto (director), Verónica Torrijos (técnica) e Martina Dono (técnica).